




salesianos
OURENSE

VOZ  NATURA

MEMORIA
CURSO 2018-2019





Índice

1. Introducción.....	3
2. Xustificación do proxecto e descrición da contorna.....	4
Obxectivos para o curso 2018-2019:	5
3. Desenvolvemento do proxecto.....	6
3.1. Equipo de traballo e alumnado participante.....	6
3.2. Actividades.....	7
3.2.1 Ensino Infantil.....	7
Horta Escolar.....	7
Roteiro Didáctico Ambiental polo Sendeiro Periurbano de Ourense.....	16
3.2.2 Educación Primaria.....	19
Horta Escolar.....	19
Roteiro Didáctico Ambiental polo Sendeiro Periurbano de Ourense.....	22
3.2.3 ESO e Bac.....	25
Miniviveiro de árbores autóctonas.....	25
Láminas en papel vexetal.....	28
Maquetas topográficas.....	30
Roteiro Didáctico Ambiental polo Parque Natural O Invernadeiro.....	33
Roteiro Didáctico Ambiental polo Macizo Central Ourense.....	35
Roteiro Didáctico Ambiental polo Sendeiro Periurbano de Ourense.....	41
Roteiro Didáctico Ambiental polo Concello de Parada de Sil.....	49
Roteiro Didáctico Ambiental polo Bosque de Ridimoas.....	55
Visita á exposición O Ártico Rompe. Descubre o ecosistema ártico.....	63
Visita á E.D.A.R. de Ourense Cultura Científica - 1º de Bacharelato.....	67
Roteiro didáctico polos museos de historia natural e biodiversidade Cultura Científica - 1º de Bacharelato.....	71
Proxecto de altas capacidades 3º ESO: Bioloxía e Xeoloxía - Matemáticas.....	77
Concurso pilabot.....	80
Exposición en préstamo do CEIDA (Rede Natura 2000 en Galicia).....	82
Traballos con Google Maps.....	87
Xornadas ConCiencia.....	89
Plantas exóticas invasoras.....	89
Lumes forestais.....	91
De onde sae un medicamento?.....	93
Dendrocronoloxía.....	95
Cambio Climático.....	99
3.3. Difusión e comunicación.....	103
Taboleiro de novas no patio.....	103
Blog.....	108
Información na web do centro, redes sociais e na plataforma Educamos.....	116
4. Impresións por parte do alumnado.....	117
5. Facturación.....	122
6. Valoración e conclusións.....	126
7. Glosario.....	127



1. Introducción

Acabo de chegar ó colexio salesiano de Ourense. En ningún centro educativo urbano vin tanta arboleda e de tan variadas especies...

Cheguei no momento oportuno da recolleita da ave-lá; por certo, as súas árbores, entre outras, defenden o valado da “**horta escolar Salesianos**”... bonita horta !!! Ó fondo, nun letreiro: “**Sementa ilusións, recolle vida**”. Interesante slogan que os educadores plantaron como leit motiv das súas accións educativas...

Fálanos Heike Freire da necesidade dunha relación “triangular” entre o educador, o neno a súa con-torna... É ben certo que “a natureza é un espazo sabio e vivo do que a nosa especie xurdiu hai centos de mil-las de anos. É ó tempo nai e mestra”. A natureza ofré-cenos vivencias e experiencias que se poden emular, especialmente na infancia... Integrada na educación é, dalgún xeito, un reencontro con nós mesmos. E tamén unha forma de comezar a construír esa tran-sición ecolóxica que tanto precisamos.

Confeso que, na lectura da encíclica “Laudato si” do Papa Francisco, descubrín o significado etimolóxico de “**ecoloxía**”. Esta palabra deriva do grego *oikía*, que significa **casa, fogar**... O subtítulo da encíclica subraia este feito: “**o coidado da casa común**”. Non estamos sós; a nosa filiación como cristiáns fai que nos sintamos irmáns de todos os homes; o coidado da casa co-mún unha tarefa que compartimos entre todos...

“Xuntos sementando vida, sementando ilusións”. Xuntos faremonos máis fraternos e habitaremos baixo o mesmo teito desa que é a nosa casa común: **a natureza**.

Amigos, imos respetala, integrala en nós. Todos formamos parte do mesmo fogar.

D. Antonio García Martínez,
Director da Obra Salesiana en Ourense.





25 de febreiro de 2019

2. Xustificación do proxecto e descrición da contorna



22 de xuño de 2018



4 de marzo de 2017



25 de xaneiro de 2017

No curso 2018-2019, na edición 22 do Programa de Educación Ambiental VOZ NATURA, o noso proxecto consolidou unha mancha de actividades educativas co obxectivo de seguir interactuando co sendeiro periurbano de Ourense, aproveitando o potencial do mesmo e mellorando a contorna a pouca distancia do noso centro. A boa marcha das actividades da horta escolar na nova ubicación deu pé a unha maior participación da comunidade educativa, especialmente do alumnado recién incorporado ó proceso educativo. Cabe destacar que participaron nas actividades programadas, de xeito directo ou indirecto, todas/os as/os educadoras/es e o conxunto do alumnado.

Un dos obxectivos históricos do proxecto é a homologación na Federación Galega de Montañismo como PR (1) de Galicia; as xestións para dita homologación non están a prosperar, á garda da presentación dun plan de posta en valor dos camiños e sendeiros, por parte do Concello

de Ourense. En edicións anteriores o obxectivo 7 do proxecto procuraba a instalación de tres paneis informativos (en Santa Mariña do Monte, en Seixalbo, e no Parque do Barbaña) para completar o percorrido e darlle continuidade ós instalados durante o curso 2013-2014. Tampouco foi posible a instalación dos tres paneis que pretendiamos, polo mesmo motivo.

Agradecemos a colaboración da Concellería de Medio Ambiente do Concello de Ourense, que se está a facer cargo do mantemento dos tres paneis instalados ata agora, se ben a inestabilidade política fixo que este proxecto coñecera tres (cando se presente esta memoria serán catro) responsables da área de xestión encargada dese mantemento, e aínda que poñemos empeño en ter informado ó Concello, en ocasións os paneis pasan períodos prolongados de tempo sen atender. Na marxe esquerda presentamos algunhas fotografías nas que se aprecia a situación dos mesmos nos últimos anos.



Obxectivos para o curso 2018-2019:

11 de febreiro de 2019

1. Sensibilización do alumnado na conservación e coidado das contornas fluviais, en particular nos tres ríos próximos ó noso centro: o Miño, que está ó carón do noso centro educativo; o Loña, polo que transcorre a parte noroeste do sendeiro periurbano de Ourense; e o Barbaña, que desemboca no Miño logo de correr as súas augas ao carón do tramo oeste do periurbano.
2. Achegamento das nenas e nenos de ambientes urbanos ó ámbito rural ó través da horta escolar, que proporciona ós mestres unha ferramenta pedagóxica para dar a coñecer a orixe dos alimentos e o crecemento das plantas, e permite ó alumnado de EI (2) e EP (3) un contacto máis directo ca natureza.
3. Identificación de especies botánicas exóticas invasoras na contorna do sendeiro periurbano e nas beiras dos ríos próximos ó mesmo. Valoración da importancia dos efectos destes seres vivos nos ecosistemas e posibles actuacións sobre os mesmos.
4. Limpeza das beiras do sendeiro periurbano. Levamos a cabo actividades de recollida de lixo e continuamos co proxecto de restauración ambiental consistente en actuar sobre especies botánicas exóticas invasoras nos terreos existentes á beira do sendeiro periurbano.
5. Recollida de sementes de árbores autóctonas durante o outono. O alumnado de 1º de ESO(4) e varios docentes do centro recollen sementes de árbores autóctonas en diversos espazos ós que están vencellados por lazos familiares ou patrimoniais.
6. Sementeira e transplante de árbores autóctonas como ferramenta para coidar da biodiversidade dos nosos ecosistemas e tentar limitar o crecemento de masas de especies botánicas exóticas invasoras.
7. Información do sendeiro periurbano de Ourense: revisión e mantemento de paneis informativos instalados durante o curso 2013-2014, e instalación de novos paneis, en colaboración co Concello de Ourense. O sendeiro é circular, e o punto de inicio natural é na Ponte Vella (Ben de Interese Cultural, declarado Monumento Histórico en 1961), moi próximo ó noso centro educativo.
8. Consolidación do blog do Proxecto, dentro da plataforma que VOZ NATURA ofrece desde a súa propia web, enlazado este coa web do centro e a plataforma de xestión **educamos**.
9. Actividades formativas/divulgativas: xornadas e visitas a exposicións, museos e outros equipamentos de interese ambiental.



3. Desenvolvemento do proxecto

3.1. Equipo de traballo e alumnado participante

Este Proxecto contou co bo facer e a colaboración dos seguintes educadores:

- Coordinadores do proxecto.
 - **José Enrique Fernández Marcos.**
 - **Gustavo Monroy González.**
- Coordinadora da horta escolar.
 - **Rosa María Mato Pérez.**
- Docentes.
 - **José Álvarez Veiga** (administrador).
 - **Marta Gómez Cid** (Xefa de Estudos de Secundaria e Bacharelato).
 - **María Rosa Santos Casares** (Xefa de Estudos de Primaria).
 - Blanca Rosa Abad Vila
 - Víctor Manuel Aller Álvarez
 - Irene Álvarez Lago
 - María Clara Álvarez Peña
 - Pablo Álvarez San Martín
 - Jorge Asenjo Martínez
 - Álvaro Baños Castro
 - Gonzalo Bernardo Pérez
 - Manuel Blanco González
 - Marta Bóveda Ríos
 - María José Cabaleiro Fernández
 - Luis Canal Fraña
 - Mariano Castaño Castaño
 - Álvaro Castro Castro
 - María Cid Gómez
 - María Sol Conde Corzón
 - Vanesa da Silva González
 - Yolanda Nuria Diéguez Pérez
 - Milagros Doallo Carballo
 - Rosa María Domínguez Gómez
 - M.ª Esther Estévez Vázquez
 - Alberto Fernández González
 - Alicia Fernández Pérez
 - Sandra Fernández Prieto
 - Cristina Fernández Ruido
 - M.ª Carmen Forneiro Calviño
 - Armindo Francisco Mera
 - Ezequiel Gago Troitiño
 - Francisco José Gómez Álvarez,
 - M.ª Dolores Gómez Dacal
 - M.ª Carmen Gómez Sumavielle
 - Belén González Lovelle
 - Marta González Pérez
 - Ruth González Salgado
 - Xulio César Iglesias Blanco
 - Iago Lage Novoa
 - Cristina López Rodríguez
 - M.ª Emma Martínez Fernández
 - M.ª Luz Martínez Regueiro
 - Bibiana Martínez Valladares
 - Pablo Méndez Rivada
 - José Antonio Míguez Vila
 - M.ª Jesús Molina Fraga
 - Inmaculada Muñoz Pemán
 - Cristina Nespereira Vila
 - Natalia Nolasco Rodríguez
 - Estrella Nóvoa Méndez
 - Epifanio Nóvoa Valencia
 - M.ª Luisa Ojea Fernández
 - Marta Parada González
 - Lupicinio Peña Arenas
 - José Pérez Gándara
 - José Valentín Pérez Vila
 - Iván Pola Vilar
 - Nuria Ramos Salgado
 - M.ª Carmen Requejo Álvarez
 - Aida Elisa Rodríguez Álvarez
 - Marta Rodríguez Fernández
 - Manuel Rodríguez Pérez
 - Berta Rodríguez Rúa
 - Cristina Rolán Rolán
 - Raquel Seoane Berzosa
 - M.ª Isabel Seoane Lorenzo
 - Laura María Sobrado Saez
 - Mónica María Souto Fernández
 - Laia Francina Tugores Blanco
 - Vanesa Vázquez Suárez
 - Carlos Vicente Mariño
 - Iván Vilar Andrés
 - Iria Villarino Prieto
 - Santos Vivas Pérez

Participaron nas actividades do proxecto as/os **1.120** alumnas e alumnos do centro.



3.2. Actividades

3.2.1 Ensino Infantil

Horta Escolar

6º EI: 17 de outubro de 2017

Aproveitamos a visita á horta para recoller froitos de tempada: castañas, avelás, noces,

Participaron titoras de 6º máis os alumnos e alumnas de 6º.





5º EI: 19 de outubro de 2018

Os nenos e nenas de quinto de Educación Infantil, máis as súas titoras, estivemos a escoitar e contar o conto “UN MÁIS” que nos facilitou o EDLG do cole.





- 4º EI: 25 de outubro de 2018
- 5º EI: 20 de novembro de 2018
- 6º EI: 20 de novembro de 2018

Os nenos e nenas de E. Infantil plantamos brécol, coliflor, repolo e allos porros na nosa horta escolar. Tamén aproveitamos para recoller as patacas que tiñamos sementadas.

Participaron todos os mestres e mestras de E. Infantil, e as alumnas que están de prácticas no centro.







EI-EP:

3 e 4 de decembro de 2018

Viveiro EI e EP

Todo o alumnado de Infantil e Primaria visitamos o viveiro de landras e castañas que estamos a facer entre todas e todos no invernadoiro que temos na horta escolar.

Participou todo o alumnado de E.Infantil e Primaria e todos os titores de ambas etapas.





5º E.I: 15 de xaneiro de 2019

Ambientador cítrico

Os nenos e nenas de 5º de E. Infantil plantamos pebidas cítricas en vasos de iogures que trouxeron da casa.

Enchemos con terra os vasos, puxemos as pebidas e botamos máis terra por enriba. Tapamos todo cun papel durante 15 días (ten que estar mollado e onde lle dea a luz). Pasado este tempo teremos os nosos ambientadores.

Participou o alumnado de 5º e tamén as súas titoras.





4º EI: 5 de decembro de 2018





14 de xaneiro de 2019





6º EI: 12 de febreiro de 2019





3 de marzo de 2019



Roteiro Didáctico Ambiental polo Sendeiro Periurbano de Ourense




6º E: 23, 24 e 25 de outubro de 2018

Coñezo a miña cidade coidando do medio ambiente.

Esta semana os nenos e nenas de 6º de E. Infantil saíron de paseo pola nosa cidade ata o parque Barbaña recollendo o lixo que atopaban no camiño para manter a cidade limpa.

Participaron as titoras de 6º de E. Infantil, as alumnas de prácticas, as coidadoras do centro e a coordinadora da DXT Sinda Aguiar.



Entre os días 23 e 25 de outubro todo o alumnado do último curso de ensino infantil percorreu o tramo do sendeiro periurbano que une o colexio co parque do Barbaña.

Acompañadas/os por Estrella, Marta, Raquel, Irene, Isa, Andrea, Laura, Aldara e Sinda achegáronse ata o parque do Barbaña, equipados con luvas e bolsas para apañar o lixo presente nas inmediacións do sendeiro.

Como se pode apreciar nas imaxes, recolleron moitos obxectos, en particular envases.

Tamen houbo tempo para o xogo, antes de voltar ó colexio.

Ben seguro que esta actividade fai que nas casas, no cole, no traballo, na rúa... teñamos máis coidado coas cousas que tiramos, tentando evitar que cheguen ó medio ambiente. Grazas a todas/os!







3.2.2 Educación Primaria

Horta Escolar

1º EP: 3 de decembro de 2018

O xinete das Árbores

Os nenos e nenas de 1º de E. Primaria e toda a etapa de E. Infantil disfrutaron do contacontos "O xinete das árbores"; con el aprenderon a valorar os bosques, a mitoloxía galega e como alimentarse de xeito saudable.

Participaron todos os alumnos e alumnas de E. Infantil e 1º de Primaria cos seus titores. Colaborou Educación do Concello de Ourense.





EP: 19 de decembro de 2018





EP: 25 de marzo de 2019 • Comedeiros





Roteiro Didáctico Ambiental polo Sendeiro Periurbano de Ourense



1º e 2º EP:
do 12 ao 29 de marzo de 2019

O alumnado de primeiro curso de Ensino Primario, acompañado por Álvaro, Cris e Ruth (titoras e titor), e coa axuda do compañeiro Epi e de Sinda, levou a cabo o percorrido no-reste do sendeiro periurbano, entre o colexio e Mende.

As/os cativas/os camiñaron pola beira sur do Miño e tiveron a oportunidade de, grazas ós prismáticos aportados polos docentes, observar aves como os **alavancos** (*Anas platyrhynchos*), a **garza** (*Ardea cinerea*) e os **corvos mariños** (*Phalacrocorax carbo*). Durante esta primeira parte do percorrido todas e todos pasamos baixo as pontes que permiten cruzar o río.

Cando chegamos á desembocadura do Loña remontamos este afluente do Miño pola súa beira sur ata chegar a Mende. Polo camiño, ben seguro que algún **martiño peixeiro** (*Alcedo atthis*), **troitas** (*Salmo trutta*) e algunha **lontra** (*Lutra lutra*) decatáronse da nosa presenza, sobre todo mentres as/os educadoras/es nos facían fotos coas/cos compañeiras/os.

O bo tempo permitiu que disfrutáramos das xornadas matinais na natureza a tiro de pedra da casa.









3.2.3 ESO e Bac.



Miniviveiro de árbores autóctonas

XERMINACIÓN DUNHA LANDRA DE CARBALLO

1. Recolección de landras (ou outras sementes) no campo.

Este é o paso máis importante, xa que as landras deben ter un grao elevado de calidade para que poidan xerminar. Para que esta selección sexa excelente débense seguir os seguintes pasos:

- Primeiro debemos achegarnos a un sitio onde haxa árbores da especie que queiramos plantar (carballo, sobreira...). Algunhas destas especies atópanse mesmo nalgúns parques próximos ás nosas casas, polo que nos será moi fácil colleitar o froito desexado. No caso das landras debemos coller as de maior tamaño, verdes, sobre finais de outubro ou principios de novembro.





- Despois teremos que introducir as landras nun recipiente cheo de auga. Isto valerá para facer unha proba vital do proceso de xerminación. Teremos que meter as landras unha a unha. A landra que se afunda será válida, mentres que se flota, non nos valerá. Se as landras están verdes o máis fácil será que non floten.

2. Iniciación do xerminado.

Sen ningunha dúbida esta é a parte máis importante de todo o proceso.

Para xerminar a semente hai moitos métodos, pero nós utilizaremos o seguinte:

Cóllese un bo anaco de algodón que se colocará na base do envase de iogur que truxeches de casa. Teremos que asegurarnos de que cobre ben o envase e que teña un grosor bo (non menos de un centímetro).

Despois introduciranse 2 landras dentro. É conveniente que estean tombadas.

Unha vez colocadas as landras, deberase poñer un algodón, máis ou menos do mesmo grosor e tamaño, para cubrilas.

A continuación haberá que humedecer o envase. Non fará falta botar unha gran cantidade de auga. Terase que volver humedecer unha vez que estea seco.

3. Plantar a semente.

Unha vez xerminada a landra débese plantar inmediatamente para así incrementar as posibilidades de vida futura. O mellor sitio para plantar a semente é o brick de leite.

Debemos botar terra enriquecida ata a metade do sementeiro. Despois faremos un pequeno foxo no medio para meter a pequena raíz na terra. Cando estea metida e a landra repousando cubriremos o sementeiro ata arriba. Repetirase este proceso con todas as landras xerminadas.

Á hora de regar sobrá con facilidade en cada sementeiro unha vez por semana con moi pouca auga.





Perforamos buracos nos lados, preto do fondo para que a auga poida correr.

A landra botará raíz durante o inverno, e na primavera xa teríamos pequenos brotes verdes.

Como complemento a actividade de creación do miniviveiro de árbores autóctonas, o alumnado dos tres grupos de 1º da ESO realizou, na materia de Inglés, unha búsqueda de información (nomes en lingua inglesa, principais características, usos...) sobre as especies máis importantes coas que traballamos (*Quercus robur*, *Quercus suber*, *Quercus ilex* e *Castanea sativa*), que logo plasmaron sobre os debuxos dunhas landras e colgaron, para ambientar de maneira creativa o outono, en cada unha das clases.







15 de xuño de 2018

Presentación nas aulas de **4º BX** • 29 de abril de 2019

O alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato do curso 2017-2018 deixou rematadas varias pezas da nosa maqueta topográfica, elaborada con cartón a partir de mapas con escala 1:10.000. Outras ficaron o curso sen darlle término, ocasión aproveitada polo alumnado de Bioloxía e Xeoloxía de 4º de ESO deste ano para traballar nas aulas durante este último trimestre.





Este curso imos tentar rematar as pezas que se ven resaltadas no seguinte mapa. Para facer que a maqueta teña certa proxección vertical, e dado que empregamos láminas de cartón de 2 mm de grosor, estamos a cortar todas as curvas de nivel, de xeito que a escala horizontal será 1:10.000 e a vertical 1:5.000.



Xornada de traballo de 4º A • 2 de maio de 2019





Roteiro Didáctico Ambiental polo Parque Natural O Invernadeiro

Esta actividade estaba prevista para outubro de 2018, pero os lumes forestais do pasado período estival truncaron as posibilidades de que o Servizo de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia autorizara a visita, dado que preto da Aula de Natureza ardeu unha superficie considerable. Desde o centro solicitamos de novo o permiso para abril de 2019, e a resposta das autoridades foi a mesma. Agardamos que no curso 2019-2020 a Aula de Natureza

recupere as condicións de habitabilidade e poidamos desfrutar deste enclave protexido.


Para achegarse a esta instalación, cedida polo Servizo de Conservación da Natureza de Ourense, poden seguirse as seguintes indicacións:

Pola autoestrada A-52 ou a estrada N-525 ata Verín. Unha vez alí tomarase a estrada comarcal en

dirección a Laza (OU-113), a 2,5 km desviarase pola estrada OU-114 para chegar a Campobeceros. Desde este lugar accédese ao Parque Natural, que se encontra a uns 7 km ao norte. Poden empregarse vehículos a motor ou bicicletas ata o Punto de Información na Ribeira Pequena. O tramo restante ata á Aula de Natureza da Ribeira Grande é unha pista NON ASFALTADA, na que só poden empregarse vehículos dunha capacidade inferior a 25 prazas.



http://mapas.xunta.es/visores/conservaciondanatureza/?extent=625636.0530854873,4659210.1957992,649771.0447664992,4674784.240312284?layers=PNOA,Provincias,Parques_Naturais



http://www.cmati.xunta.es/seccion-organizacion/c/DX_Conservacion_Natureza?content=Direccion_Xeral_Conservacion_Natureza/Espazos_protexidos/Rede_galega/Parques_naturais/seccion.html&std=0_invernadeiro.html



Entre as actividades propostas polos educadores para esta estancia, destacan os itinerarios guiados pola zona de uso público restrinxido e pola zona de protección especial, con avistamentos de fauna salvaxe, identificación de fungos, visita ó centro ictioxénico, identificación de rastros de fauna salvaxe, visita ó campamento de carboeiros e itinerario nocturno.



Roteiro Didáctico Ambiental polo Macizo Central Ourense



O 13 de novembro de 2018, 16 alumnas e 18 alumnos da asignatura de Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO, acompañados por dous profesores da materia, participaron da actividade proposta polo Seminario de Ciencias Experimentais, visitando varios puntos de interese do Macizo Central da provincia de Ourense.





Sara e Pablo, de 4ªA, e Fabio e Alicia, de 4ªB, queren compartir con todos vos a súa vivencia desa xornada.

SARA

«Boas, chámome Sara e vouvos contar a miña experiencia na saída de Bioloxía e Xeoloxía do pasado martes, 13 de novembro. Despois dunhas horas en bus e unha parada para observar a paisaxe recuberta por una capiña de néboa...

... chegamos á "ruta de A Fraga", onde comezaría a nosa aventura como "biólogos". Ao longo de todo o percorrido tivemos que utilizar as nosas dotes detectivescas para conseguir completar as actividades propostas polo docente.

Resolvendo os diferentes exercicios puidemos experimentar os contidos impartidos na aula e tamén aprender outras cousas novas. A min encantoume estar en contacto coa natureza, e poder observar e coller mostras de todo o explicado.

A pesar da camiñata, gustaríame poder ter máis saídas así!»

PABLO

«Vouvos contar a miña experiencia da saída didáctica de Bioloxía e Xeoloxía polo Macizo Central Ourense. En primeiro lugar o autocar deixounos no alto do Rodicio onde explicáronnos que era o resultado de dous bloques de falla que se desprazaron; en verdade isto pareceume interesante posto que atopamos rochas que no pasado eran sedimentos de area dunha praia que ía desde Polonia ata Galicia e acabaron nun alto e colocados verticalmente.

Durante o camiño pola ruta de Fraga a verdade é que o único inconveniente foi que se fixo moi lento e que tiña fame, pero iso é o de menos. As paradas estaban ben situadas e eran divertidas de facer.

O que máis me impresionou de toda a saída foi o castiñeiro de Pumbariños, que é enorme, e fan falla trece persoas para rodealo.



Eu non sabía de onde saía o corcho; extráese do **Quercus suber** ou sobreira, alcornoque...

En resumo foi unha saída moi divertida coa que aprendín bastantes cousas.»

FABIO

«Cóntovos en que consistiu a actividade do pasado martes. Pola mañá, de camiño á Fraga do Navea e aproveitando que había néboa, paramos nun punto alto da montaña para poder observar o fenómeno atmosférico da inversión térmica, que xera o “mar de néboa”.

A continuación seguimos en bus ata Mouruás, onde comezamos a camiñar. O primeiro que vimos foron os carteis indicadores de lugar turístico para ver a natureza.

No camiño fixemos diferentes paradas: para facer unha estimación da idade dunha árbore, empregando fórmulas...

... contar a cantidade de aneis dun tronco cortado...

... distinguir especies de seres vivos presentes na fraga...

... saber se había animais...

... descubrir como poden vivir as árbores sen madeira no seu interior; ver porque lle cortan as pólas ás árbores...

Logo do xantar tivemos a oportunidade de ver varias árbores excepcionais.»

ALICIA

«O pasado martes, 13 de novembro, o alumnado da clase de Bioloxía e Xeoloxía de 4º ESO participamos nunha actividade complementaria de dita asignatura en San Xoán de Río para levar a cabo un interesante roteiro polo Macizo Central Ourense, visitando ademais varias árbores senlleiras. Seguindo a unidade didáctica proporcionada polos docentes fixemos dez paradas que nos mostraban distintos aspectos da flora do lugar.

Persoalmente a actividade que máis disfrutei do camiño foi a parada 9, na cal fomos a ver o castiñeiro de Pumbariños e o cerquiño do Pazo da Pena. Nesta parada visitamos unha árbore senlleira milenaria, e precisamos de trece persoas para rodeala.

Logo diso fixemos un pequeno xogo no cal tiñamos que descubrir

cal era o troco máis grande de tres das árbores que compoñen o souto de Rozavales.

Máis tarde os docentes amosáronnos como curiosidade que podíamos medir a altura dunha árbore aproveitando a súa sombra.

No Pazo da Pena, en Rozavales, puidemos visitar un dos cerquiños (**Quercus pyrenaica**) máis altos de Galicia.

Outra das miñas actividades favoritas foi a parada 3, na que nos ensinaron a determinar a idade das árbores de forma moi sinxela.

Deste interesante camiño tamén levei uns recordos á miña casa, como un anaco de cuarcita e outro de pizarra que atopamos durante o camiño. Sen dúbida algunha repetiría a experiencia!!!»












Roteiro Didáctico Ambiental polo Sendeiro Periurbano de Ourense

1º A ESO: 11 de febreiro de 2019



O alumnado de 1º ESO do noso centro tivo a oportunidade de percorrer o tramo Ponte Vella-Santa Mariña do sendeiro periurbano de Ourense entre o 11 de febreiro e o 25 de marzo. Cada unha das tres liñas deste curso levou a cabo este percorrido en sentido horario acompañado por varios titores e por Gustavo, o docente de Bioloxía e Xeoloxía dese curso.

Ó longo do roteiro fixeron unha mancha de paradas de interpretación, todas elas recollidas no caderno de actividades elaborado polos docentes.





En ocasións se deu a posibilidade de ver e fotografar fauna característica do río, como a garza real (*Ardea cinerea*).

Xa na cunca do Loña, o alumnado recolleu datos sobre o estado dos muíños e as características da Ponte Medieval.

A continuación avanzaron pola senda do Loña ata chegar a Mende, onde logo dun breve descanso para repoñer forzas comezaron o ascenso polo Camiño Real, que os levou ata Santomé. No miradoiro, cunhas condicións meteorolóxicas fabulosas, parada para apreciar a depresión do val do Miño ó seu paso por Ourense e a paisaxe de replanos morfolóxicos, cos seus niveis de cumio, e as diversas unidades diferenciadas de poboamento e actividade humana, cada volta máis intensa segundo nos achegamos ó fondo do val.

Logo, interpretación do patrimonio histórico nas distintas seccións do Castro de Santomé.

Outro descanso no núcleo rural de Ceboliño e ascenso ata Montea-legre, onde o soporte do cartel do sendeiro, destrozado polos vándalos xa fai máis dun ano, facía as veces de marco para a instantánea do avance das mozas e mozos.


Preto de Santa Mariña, e antes de coller o bus urbano de volta ó centro da cidade, a natureza despedíase como ela sabe, adiantándose á chegada da primavera co renacer dos ciclos naturais.

Esta actividade levouse a cabo entre as 09 e as 17:30 h, grazas a coordinación dos docentes do Seminario de Ciencias Experimentais e do Seminario de Xeografía e Historia.



1º B ESO: 25 de febreiro de 2019







1º C ESO: 25 de marzo de 2019





4º ESO: 2 de maio de 2019

O Seminario de Ciencias Experimentais do centro, en colaboración co Seminario de Xeografía e Historia, o Seminario de Tecnoloxía e o Seminario de Educación Plástica e Visual, programa a comezo de cada curso unha serie de itinerarios de interpretación adaptados ós distintos niveis de Ensino Secundario. Nesta ocasión, 38 alumnas e alumnos de Bioloxía e Xeoloxía de 4º de ESO, acompañados por tres educadores, percorremos o escape noreste do sendeiro periurbano de Ourense en sentido antihorario, tal como indican as frechas vermellas no seguinte mapa.

O percorrido comezou cedo, ás 08:30 h do martes 30 de abril, ó carón da Ponte Vella, momento no que comentamos sobre a cartelería do sendeiro a proposta para ese día.



Logo de atravesar o casco urbano da cidade, ascendimos por San Francisco para facer unha parada a media subida e contemplar a panorámica da cidade. Os docentes do seminario de Ciencias Experimentais facilitaron ó alumnado unha unidade didáctica con propostas de actividades, repar-tidas polo percorrido.

Arredor das 10 h chegamos ó Parque Botánico de Montealegre, ó que accedimos polas escaleiras instaladas á beira do descargador da antiga canteira, un exemplo de recuperación de patrimonio industrial.

Corbal (coordinador das tarefas de mantemento do Parque Botánico





de Montealegre) deunos a benvida e explicounos como é o día a día deste espazo, próximo ó centro histórico da cidade e descoñecido para boa parte da poboación.

No invernadoiro visitamos á exposición de plantas carnívoras e continuamos a visita ó parque achegándonos ó miradoiro da cruz, facendo unha parada previa para que Corbal nos explicara a importancia da fauna no desenvolvemento do parque.

Tamén nos comentou unha mancha de curiosidades sobre moitas especies exóticas presentes no parque, así como características das especies autóctonas.

Pasamos polo miradoiro do Cuco antes de plantar as frondosas do miniviveiro de 1º de ESO, que os docentes prepararan e trasladaran ó parque o día anterior.

Os operarios do Concello de Ourense, que xestiona toda a instalación, axudáronnos coas ferramentas e indicáronnos como plantar as árbores.

Ó remate, xeolocalizamos nos mapas as ubicacións das árbores plantadas, como parte da actividade proposta polos docentes para levar a cabo no parque.

Sobre as 12 h continuamos a marcha cara Ceboliño.

Logo de xantar e descansar da subida da mañá, comezamos o descenso ó Loña, rodeando a minicentral e o encoro de Castadón camiñando por bosques propios doutras latitudes para chegar ó Castro de Santomé.





Durante todo o percorrido os docentes foron comentando cuestións relacionadas co itinerario, como a abundancia de mimosas, *Acacia dealbata*, plantas exóticas invasoras; a xeomorfoloxía da comarca de Ourense, que se aprecia moi ben desde os miradoiros; os carraboucos dos carballos, causados por vespigas da familia *Cynipidae*; as diferenzas nas follas dos carballos, *Quercus robur*, e os cerquiños, *Quercus pyrenaica*; como a codia (corcho) das sobreiras, *Quercus suber*, tiña protexido ás árbores dos lumes; a presenza de especies propias da rexión mediterránea, como o érvedo, *Arbutus unedo*.

Logo de descender polo Camiño Real continuamos polo sendeiro do Loña, atentos á posibilidade de avistar algún animal propio do ecosistema de ribeira, como as lontras, *Lutra lutra*, garzas, *Ardea cinerea*, alavancos, *Anas platyrhynchos*, martiño peixeiro, *Alcedo atthis*, odonatos, troitas...

O roteiro rematou preto das 17:15 h, e será unha das últimas actividades que o alumnado de 4º ESO incorporaremos ós vídeos que estamos a preparar para presentar ó concurso do Programa de Educación Ambiental VOZ NATURA.





Roteiro Didáctico Ambiental polo Concello de Parada de Sil

O día 13 de maio 54 alumnas e alumnos de 3º ESO, acompañados por María Molina, Iván e Quique (docentes de Matemáticas, Tecnoloxía, Bioloxía e Xeoloxía, e EPVA), participaron nun roteiro didáctico ambiental polo concello de Parada de Sil. Os Seminarios de Ciencias Experimentais e Tecnoloxía levan organizando esta actividade desde o ano 2012, e salvo na edición do 2016, o alumnado deste curso de ensino secundario obrigatorio tivo sempre a oportunidade de participar nesta xornada que combina á perfección natureza e patrimonio, axudando a descubrir os valores ambientais e culturais desta zona da provincia de Ourense.

A primeira parada, logo de algo máis dunha hora no transporte, foi na **Fábrica da Luz**, unha antiga instalación para a produción de enerxía eléctrica situada preto do límite dos concellos de Parada e A Teixeira. Por





ese límite discorre o río Mao, labrando un portentoso canón fluvial, aproveitado na última década polo concello para construír unha pasarela peonil de madeira desde a que se pode desfrutar dunha contorna espectacular.

Ó chegar a Barxacova, moi preto da desembocadura do Mao no Sil, voltamos pola mesma pasarela, e unha vez nos buses trasladámonos a Parada de Sil, para continuar coas visitas.





No acceso ó miradoiro de **Torgás** (tamén coñecido como **Balcóns de Madrid**) paramos para ver o **Pozo do Lobo**, unha construción doutra época que, xunto cos **foxos do lobo**, se empregaba para dar caza a estes animais antes da aparición das armas de lume.

A continuación achegámonos ó miradoiro, no límite provincial, con vistas ó imponente canón do Sil e á beira lucense do concello de Sober.





Antes do xantar, percorrimos un pequeno treito do sendeiro que, entre castiñeiros, comunica o mirador coa vila de Parada.

Logo do xantar e do tempo de descanso dirixímonos ó Museo do Chocolate de Teimende, onde puídemos descubrir o traballo da familia Casares entre os anos 30 e os anos 80 do pasado século.

A continuación visitamos o Mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil, un dos enclaves singulares da Ribeira Sacra.





De volta a Parada, máis fotos no miradoiro de Castro antes de voltar a Ourense.

Con esta actividade poñemos fin as saídas programadas para o curso 2018-2019 polo Seminario de Ciencias Experimentais, en colaboración con outros Seminarios do centro e dentro do Programa de Educación Ambiental VOZ NATURA.







Roteiro Didáctico Ambiental polo Bosque de Ridimoas



2º C de ESO • 11 de abril. Vanesa (titora) e Maika.

2º B de ESO • 12 de abril. Emma (titora) e Quique.

2º A de ESO • 26 de abril. Gustavo (titor) e Quique.

Rematando o segundo trimestre o alumnado das aulas de 2º A, B e C de ESO, acompañados polas titoras e outros educadores do noso centro, tivemos a oportunidade de percorrer o Bosque de *Ridimoas*, en Beade, guiados por **Paula** e **Pablo** (coñecido por todos como **Oitabén**).

Citámonos con Paula e Oitabén na igrexa parroquial de Santa María de Beade (antiga Encomenda da Orde Militar dos Hospitalarios de San Xoán de Xerusalén, máis tarde coñecida como *Orde de Malta*, onde comezamos a usar a guía de campo proporcionada pola **Asociación Ridimoas**, documento de referencia durante toda a xornada para ir des-

cubriendo curiosidades do entorno e aprender unha mancha de cousas sobre este espazo. A actividade desta asociación naturalista, radicada en Beade, céntrase na recuperación de hábitats para especies autóctonas no bosque, de máis de 400 hectáreas, que posúe neste municipio de O Ribeiro.





Á beira da capela de San Roque fixemos unha parada para comentar os cruceiros do calvario, do século XVIII. A súa silueta é moi popular grazas ó debuxo levado a cabo por **Castelao** na súa obra *As cruces de pedra na Galiza* (libro publicado póstumamente pola editorial Nós na imprenta López de Buenos Aires en xaneiro de 1950), un detallado estudo no que describía a historia, significado e tipoloxía dos cruceiros galegos.





Aínda entre a néboa ascendimos para adentrarnos no Bosque de *Ridimoas*, seguindo a “Ruta dos Arrieiros”. Este camiño foi durante séculos a principal vía de comunicación entre Ribadavia e Pontevedra; desde o século XV empregouse para transportar viño e outras mercaderías; parte dese viño quedaba nos lugares e parroquias da comarca, e parte era posteriormente comercializado no País Vasco e na Bretaña Francesa; no século XVII o viño “ribeiro” era embarcado en Pontevedra con destino a Santander, País Vasco e Asturias, así como América e algúns países europeos.



Ó pouco de entrar no bosque, Paula falounos das mimosas, *Acacia dealbata*, e do tremendo impacto que teñen na comarca de O Ribeiro estas leguminosas, consideradas plantas exóticas invasoras. Nas zonas fortemente invadidas non medra outra especie vexetal debido á gran densidade das mimosas que non deixan nin espazo nin luz a outras plantas; alteran a cantidade e calidade de follasca, o contido en





nutrintes, as características físicas e as comunidades microbianas dos solos invadidos se ben Oitabén chamou a nosa atención sobre unha característica positiva destas plantas: son quen de enriquecer ó solo, dado que se asocian con bacterias do xénero *Rhizobium* (fixadoras do nitróxeno atmosférico) nos nódulos que se forman nas súas raíces. Grazas a estes nódulos, que se poden ver na fotografía, as plantas obteñen nutrintes esenciais. Pero as bacterias que se asocian ás raíces poden ser exóticas tamén e, nese caso, afectar negativamente a leguminosas nativas como a xesta, *Cytisus sp.*, e o toxo, *Ulex europaeus*.





Oitabén tamén falou das especies arbustivas e arbóreas autóctonas, como a pereira brava, *Pyrus cordata*, insistindo moito na importancia de identificar e coñecer as especies para poder respetalas, coidalas e protexelas.



A media mañá visitamos a mina de auga das píntegas, *Salamandra salamandra gallaica*. Oitabén describiu o ciclo vital destes anfibios e amosounos individuos en estado xuvenil e semiadulto, lembrándonos que son animais moi delicados e que corren serio perigo.





Logo falounos do gaio común (en castelán, arrendajo), *Garrulus glandarius*, un córido de mediano tamaño e hábitos netamente forestais, que se alimenta tanto de invertebrados como de froitos e sementes, convertíndose nun auténtico “facedor de bosques” e do fungo negro, *Hormiscium ericae*, un curioso ascomiceto que aparece na matogueira mediterránea dando a impresión de que os arbustos teñen sido pasto do lume; con aspecto de almofada negra, no Bosque de Ridi-moas aparece sobre a codia da uz branca, *Erica arborea*.



Na mesma zona amosounos as flores femininas e masculinas dos carballos, *Quercus robur*, inflorescencias que aparecen entre abril e xuño, en característicos pedúnculos colgantes.



Nas proximidades puidemos ver o rastro dos corzos, *Capreolus capreolus*, que mordisquean as codias tenras dos piñeiros máis novos, como se aprecia na parte inferior dereita da imaxe.



Outra das especies sobre as que chamou a atención foi o érvedo, *Arbutus unedo* (o madroño de Madrid, da familia *Ericaceae*), explicándonos como a comarca de O Ribeiro está baixo influencia do clima mediterráneo.





Para rematar, Paula e Oitabén propuxéronnos un xogo no que tivemos que facer memoria sobre as cousas aprendidas. Deste xeito rematou a visita, que durou algo máis de 3 horas.



Queremos agradecer á Asociación Ridimoas, e especialmente a Paula e Pablo (Oitabén) pola súa compañía e as súas inestimables aportacións, a oportunidade que nos brindaron de visitar e coñecer este espazo tan singular.





Visita á exposición **O Ártico Rompe** Descubre o ecosistema ártico

A exposición "O Ártico rompe" ten como obxectivo xeral mostrar a singularidade dos ecosistemas do Ártico e evidenciar a importancia das súas características físicas e da súa biodiversidade no clima global. A partir das impactantes fotografías do prestixioso fotógrafo Andoni Canela, e percorrendo os catro ámbitos da exposición, o alumnado descubre o clima ártico, as adaptacións dos seus animais e plantas, dos seus habitantes... e pode observar auroras boreais.

Esta exposición tenta acadar os seguintes obxectivos:

- Apreciar a necesidade de preservar as características físicas do Ártico, así como a súa biodiversidade, en relación coa súa influencia no clima global.
- Recoñecer como a acción humana, a través das emisións







de gases invernadoiro, está a influír na destrución dos ecosistemas árticos e acelerando o cambio climático global.

- Descubrir as principais características dos ecosistemas árticos, coñecer ás persoas que os habitan e comprender os seus fenómenos meteorolóxicos máis destacados, así como o seu clima en xeral.
- Apreciar como a ciencia nos axuda a coñecer, comprender e preservar o mundo no que vivimos.



De non existir o Polo Norte, a Terra sería tan diferente que non a poderíamos recoñecer. Coas impactantes fotografías de Andoni Canela, fotógrafo de natureza que ten viaxado por todo este espectacular territorio, puidemos descubrir a decisiva influencia do Ártico en todo o planeta.





AS FORMAS DO XEO

No Ártico atopamos xeos continentais, glaciares, icebergs e unha inmensa lámina de xeo flotante, a banquisa oceánica, que se desxea e se volve xear cada ano. Todas estas representacións do xeo constitúense a partir de cristais que teñen múltiples formas.

As moléculas de auga dispóñense nunha rede cristalina de prismas hexagonais, que serven de base para crear formas xeométricas. As formas máis espectaculares prodúcese en torno aos -10 °C e en condicións de elevada humidade. Aquí podes observar unha pequena mostra das múltiples variacións que poden adquirir os cristais de xeo. ❄️

O XEO DIMINÚE

A finais do inverno, gran parte do Ártico central está cuberto por xeo mariño que pode chegar a ter 2,5 m de grosor. Non obstante, ao final do verán, a maior parte do xeo que non se fundiu ten menos de 1,2 m de espesor.

Dentro duns anos, debido ao quecemento, o xeo do Ártico desaparecerá durante o verán; e en inverno, o xeo do mar terá menos de 2 m de grosor. Observa a situación actual do xeo mariño e a previsión dos modelos científicos para dentro de 30 anos. Tamén podes apreciar a diminución do volume de xeo dende 1979 e como isto se acelerou a partir de 1996. ❄️



Se o continuo aumento das temperaturas prodúcese o desxeo continental de Groenlandia e do leste e oeste antártico, o nivel do mar podería subir 20 metros a finais de século.


Este estudo baséase no aumento do nivel do mar que tivo lugar no plioceno (hai entre 5,33 e 2,58 millóns de anos). Naquel período, as concentracións de dióxido de carbono eran similares ás actuais; e as temperaturas globais, comparables ás que se predixeron para o final deste século.



EN HARMONÍA CO MEDIO

As crenzas e tradicións dos pobos árticos están profundamente amalgamadas na natureza. Estas transmíronse, de forma oral, dunha xeración a outra ao longo do tempo: vellos lendas, aventuras, historias de cazadores, ou simples contos para rir chegaron ata hoxe viaxando de boca en boca.

As súas crenzas son animistas e chamánicas, e a espiritualidade está presente en todos os aspectos da súa vida. O chamán (angakut) usaba unha máscara para levar a cabo moitos dos seus rituais. As que ves aquí están realizadas con madeira de bidueiro, pedra de esteatita, plumas de perzél nival e peles de raposo ártico, caribú e lebre ártica. ❄️





Esta exposición conta coa colaboración do Concello de Ourense; os grupos escolares realizaron visitas guiadas acompañados por monitoras e monitores da laCaixa e polos docentes do Seminario de Ciencias Experimentais, do Seminario de Xeografía e Historia e do Seminario de Matemáticas do centro.



Visita á E.D.A.R. de Ourense Cultura Científica – 1º de Bacharelato

A tarde do luns 29 de abril, o alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato, acompañado polos docentes desta asignatura, tivo a oportunidade de visitar as instalacións da Estación Depuradora de Augas Residuais (E.D.A.R.) de Ourense, desprazándose ata a mesma en bus urbano e voltando ó centro no mesmo medio de transporte.

A visita formaba parte das actividades propostas por VIAQUA-Servizo Municipal de Augas para facilitar o acceso da cidadanía a esta infraestrutura, co obxectivo de concienciar á poboación sobre o consumo responsable da auga e as particularidades da xestión sostible da mesma.

O itinerario didáctico comezou visitando o edificio de control.

Logo da proxección dun audiovisual, que explicaba o funcionamento da instalación, José Ángel, supervisor da mesma, explicounos





o funcionamento das distintas partes da infraestrutura.

Ó rematar a explicación, levounos ó edificio de pretratamento, onde observamos de preto como se recibe a auga que chega directamente da rede de saneamento da cidade.





Posteriormente, pasamos á zona de decantación lamelar e á de tratamento terciario.





Para rematar a visita, pasamos polo edificio de proceso de fangos, dixestores e grupos de xestión da enerxía.



A visita durou unha hora e media, entre as 16:15 e as 17:45 h. A actividade foi organizada polos docentes do Seminario de Ciencias Experimentais en colaboración con VIAQUA-Servizo Municipal de Augas de Ourense, á que lle agradecemos poder visitar esta moderna instalación, na que está a innovar na xestión da auga incorporando procesos de última xeración.



Roteiro didáctico polos museos de historia natural e biodiversidade

Cultura Científica – 1º de Bacharelato

O 2 de abril, martes, 37 alumnas/os de Cultura Científica de 1º de Bacharelato, acompañadas/os por dous docentes, participamos nun roteiro didáctico que nos levou a Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela, seguindo o rastro de varios museos de historia natural e dun dos acuarios de referencia do norte da Península. O museo da Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) foi o primeiro destino do día. **María** e **Berta** déronnos a benvida, e inmediatamente Berta pasounos ó segundo andar deste edificio (antigo aloxamento dun coronel), onde se atopa o museo, distribuído nunha zona terrestre e outra marítima.

No corredor entre ambas zonas, o alumnado tivo a oportunidade de ver unha lura xigante (*Architeuthis dux*), capturada accidentalmente por un arrastreiro no “Caladoiro de Carrandi”, entre o canón submari-





ño de Avilés e o de Lastres. Nesa zona do Cantábrico a bacaladilla (*Micromesistius poutassou*) é unha das presas habituais destes cefalópodos, que a súa vez serven de alimento ós cifios e ós cachalotes (*Physeter macrocephalus*).

Na zona marítima do museo destacan os esqueletos e as maquetas dos mamíferos mariños e as tartarugas, así como as coleccións de cunchas (a conchilioloxía, do grego κογχύλιον, “conchita” e -λογία, “tratado”, é a parte da malacoloxía ou estudio dos moluscos que se encarga do estudio científico das cunchas).





Berta explicounos con detalle o laborioso proceso levado a cabo para conservar o esqueleto da balea común (*Balaenoptera physalus*) de 18 m. O corpo desta balea apareceu, sen vida, na praia de Niño do Corvo (Ponteceso) o 19 de marzo de 2004. Durante varias xornadas un equipo humano de máis de 50 persoas, voluntarias/os da Coordinadora para o Estudio dos Mamíferos Mariños (CEMMA) e da SGHN, e membros de Protección Civil do Concello de Ponteceso, levaron a cabo no propio lugar do varamento as biometrías, necropsia e despezamento.

Dous helicópteros trasladaron os restos ata o Porto de Santa Mariña de Brantuas, desde onde foron levados por estrada (coa axuda dun camión con pluma do Concello de Ponteceso) ata un monte cedido polo Concello de Ferrol, onde foron soterrados durante 26 meses. Pasado este tempo, a terra voltounos libres de boa parte da grasa e dos tecidos, pero aínda houbo que trasladalos ó museo, limpalos e custodialos ata a súa montaxe, recreando o momento en que a balea inicia a inmersión logo de coller aire.

A segunda visita foi ó Aquarium Finisterrae, en A Coruña. Recibíronnos baixo unha morea de creacións artísticas elaboradas con lixo atopado no mar, preto do lugar onde a figura dun “surfero” moi especial recibe ós visitantes.

O alumnado percorreu as distintas salas do acuario, disfrutando





da actividade das criaturas mariñas e facendo uso das propostas interactivas das instalacións, unha constante en todos os museos científicos da cidade. Antes do xantar, o bo tempo permitiu que fixéramos unha visita ás focas nas piscinas exteriores.






Pola tarde visitamos o museo da USC, situado no Parque de Vista Alegre.

Tino falounos de Biodiversidade, da orixe dos exemplares presentes no museo, do traslado da colección desde o edificio da Facultade de Química... e amosounos as principais seccións deste equipamento de investigación e educación ambiental e María coordinou o obradoiro de identificación de especies, no soto do edificio.

Este roteiro, cunha duración dunha xornada (entre as 07:30 h e as 20 h), foi deseñado polos docentes do Seminario de Ciencias Experimentais, e contou coa colaboración da Sociedade Galega de Historia Natural, os Museos Científicos Coruñeses e a Universidade de Santiago de Compostela.







Proxecto de altas capacidades 3º ESO Bioloxía e Xeoloxía - Matemáticas

O proxecto foi plantexado para a aula de 3º A de ESO, grupo-aula de **Ángela Bretal**, alumna de AACC dese nivel educativo. Levouse a cabo empregando a metodoloxía colaborativa, en grupos de 3 - 4 alumnas/os.

Entre os obxectivos do proxecto destaca a instalación dunha estación meteorolóxica na horta escolar, para que o alumnado recolla e analice as medicións de temperatura, choiva... e fagan unha previsión e valoración do tempo atmosférico na zona na que se ubica o centro educativo.

Como no primeiro trimestre non contamos coa estación meteorolóxica, comezamos por falar do CAMBIO CLIMÁTICO, de xeito que reflexionaran sobre este tema. Esta parte viuse enriquecida coa visita levada a cabo á exposición "O Ártico rompe" da Obra Social laCaixa (Xardín do Posío, día 26 de novembro).

Para traballar sobre o CAMBIO CLIMÁTICO, os docentes de Matemáticas e Bioloxía e Xeoloxía de 3º ESO elaboramos un dossier con exercicios e actividades adaptadas dos contidos da Unidade Didáctica 1 - CAMBIA O CLIMA *1. Posteriormente engadimos un apartado para que aprenderan a elaborar e interpretar un climograma manualmente e no Microsoft-Excel 2010 *2. Este material didáctico foi entregado a cada grupo cooperativo.



*1 Capítulo 1. É certo que cambia o clima? ISBN-978-84-453-4376-0 Proxecto de Educación Ambiental CLIMÁNTICA.

*2 Tutoriais na rede onde se recollen os pasos para a elaboración dun climograma + páxina de meteogalicia.




O proxecto desenvolveuse en 5 horas lectivas, repartidas en dúas sesións consecutivas, de 50 minutos cada unha (a primeira de BX; a segunda de Matemáticas), cada un dos seguintes días: 18 de outubro, 22 de novembro e 20 de decembro. Asemade, o alumnado participou da visita guiada á exposición “O Ártico rompe”, cunha duración dunha hora.

Nas sesións de Bioloxía e Xeoloxía, ademais de organizar os grupos e dar a coñecer os temas que ían poder ver na exposición, reflexionaron sobre o cambio climático e analizaron novas extraídas de varios medios de comunicación.


Nas clases de Matemáticas traballouse o climograma en folia milimetrada e coa ferramenta Microsoft-Excel 2010, distribuindo entre os grupos cooperativos datos referentes a distintas localidades de Asturias, Castela-León e Galicia. Empregando os contidos traballados en Bioloxía e Xeoloxía, ó rematar o climograma comentárono e indicaron o tipo de clima que había en cada cidade.

Empregáronse 5 horas lectivas, repartidas en dúas sesións consecutivas, de 50 minutos cada unha delas (a primeira de BX; a segunda de Matemáticas), cada un dos seguintes días: 21 de febreiro, 21 de marzo e 25 de abril.

Nas sesións de Bioloxía e Xeoloxía do segundo trimestre traballouse sobre novas e reportaxes sobre o cambio climático, centrando a atención informativa no cambio de rexistros de temperaturas dos últimos anos. A partir destes, nas clases de Matemáticas, se levaron a



Ourense






cabo unha serie de exercicios, como o de facer unha taboa cos datos das medias de Ourense.

O alumnado aprendeu a calcular a cantidade de CO₂ xerado nas diversas actividades cotiás, como cando


imos en coche ou polo consumo doméstico da electricidade. A petición dos docentes trouxeron facturas dos seus domicilios á clase, e comezaron a calcular as emisións de CO₂; por exemplo, un grupo decidiu facelo polos kilómetros que cada quen

anda en coche coa súa familia, dado que é o medio máis común de emisión de CO₂; para levar a cabo esta tarefa baseáronse tanto no tipo de carburante que emprega o vehículo como no número de persoas que viaxan nel en cada ocasión.

Emisións por día



Emisións por semana





Concurso pilabot

Ponse a disposición dos centros participantes o enderezo electrónico pilabot@ofipilas.es e o teléfono **900 103 138**, para resolver dúbidas ou incidencias operativas do concurso.

recicla con enerxía!

Fai que a túa escola gañe!

Información para os centros educativos

Máis información sobre o concurso en www.pilabot.gal

DL C 2050-2018

Desenvolvemento do concurso

- 1** Entrega de materiais do 26 de novembro ata o 20 de decembro.
- 2** En canto o centro recibe o material, dispón de 5 semanas lectivas para a recollida de pilas por parte do alumnado que participa.
- 3** O pesado das pilas recollidas en cada centro realizarase entre os días 14 de xaneiro e 11 de febreiro, data na que finaliza oficialmente o Concurso Pilabot.
- 4** Cos datos obtidos, realizarase unha avaliación e listado de centros para seleccionar os gañadores.
- 5** Antes do remate do curso, procederase a entrega dos premios.

Recursos

Os docentes disporán na web www.pilabot.gal de información para traballar nas aulas a reciclaxe de pilas:

- Unidade didáctica.
- Videos didácticos sobre as pilas e o proceso de reciclado.
- Ligazóns a outras web de interese.
- Outros recursos: debuxos coloreables, sopas de letras...

Concurso de fotografía #eusonpilabot

Ademais do concurso de recollida de pilas, #eusonpilabot promove a participación do alumnado a través dun concurso de fotografía creativa sobre pilas e acumuladores eléctricos. Poderán gañar unha tablet, un altavoz bluetooth e unha pulseira fitness.


Bases legais e inscricións en: pilabot.gal/eusonpilabot

recicla con enerxía!

www.pilabot.gal





Exposición en préstamo do **CEIDA** (Rede Natura 2000 en Galicia)

1ºB Ensino Primario • 29 de marzo






2º Bacharelato • 1 de abril




4ºB-C ESO • 1 de abril





1º Bacharelato • 4 de abril



1ºB ESO • 4 de abril






2º ESO • 4 de abril



1º ESO • 5 de abril





1º B ESO • 5 de abril



2º C ESO • 5 de abril










Traballos con Google Maps

O alumnado de 1º de ESO estivo a traballar nas aplicacións de Google. En colaboración co Concello de Ourense elaboraron materiais informativos vencellados a distintos puntos do sendeiro periurbano. Na seguinte ligazón web podedes consultar a información e apreciar este innovador traballo.

<https://sites.google.com/view/toopsalesianos/eso/1>







Xornadas ConCiencia

xornada ConCiencia

Seminario de Ciencias Experimentais
Cultura Científica 1º Bacharelato



Plantas exóticas invasoras

O 29 de novembro de 2018, o Seminario de Ciencias Experimentais presenta a *I Xornada ConCiencia*, unha actividade divulgativa para o alumnado de 1º de Bacharelato do centro, que nesta ocasión tivo a oportunidade de escoitar ó **Dr. Luis González Rodríguez**, profesor de Bioloxía Vexetal da Universidade de Vigo, nunha conferencia sobre as plantas exóticas invasoras e a relación cos lumes forestais.

Vaia entrada, non sí? Pois o poñente non escatimou recursos,





e cunha sólida base científica, adicou as últimas horas da mañá do xoves 29 a aclarar moitas cuestións sobre a realidade dos lumes en Galicia, a xestión das propiedades forestais e a expansión das plantas exóticas invasoras.


A presentación do poñente correu a cargo de Gustavo Monroy, profesor de Cultura Científica de 1º de Bacharelato.



O poñente fixo tamén referencia a múltiples titulares en prensa sobre estes temas, tentando que o alumnado apreciara os contidos da súa exposición como unha realidade que xera preocupación na sociedade.

Un dos aspectos que máis chamou a atención do alumnado foi a diferenciación de especies de plantas nativas, exóticas e invasoras. Para introducir este tema, o poñente presentou o *Atlas das plantas alóctonas invasoras de España e o Catálogo español de especies exóticas invasoras*.

Antes de rematar a actividade, o profesor universitario atendeu a todas as cuestións que lle quixeron facer os estudantes.



Queremos agradecer a colaboración do Departamento de Bioloxía Vexetal da Universidade de Vigo, e en particular ó **Dr. Luis González Rodríguez**, a súa colaboración co noso proxecto desde o ano 2013. Agardamos poder seguir contando co seu bo facer.



Lumes forestais

O 24 de xaneiro de 2019 tivo lugar a charla de **Xosé Santos Otero**. Durante preto dunha hora e media, o alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de participar do saber e bo facer deste Axente Forestal da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia. Como moi ben di o propio **Xosé Santos** “veño de familia de contacontos, o que non quere dicir que viva do conto”.

A charla estivo acompañada por unha presentación na que destaca-



Impacto ambiental das actividades humanas

- Emisións a atmosfera
- Verquidos ás augas
- Contaminación dos solos
- Xeración de residuos
- Excesivo uso de recursos
- Uso de substancias perigosas
- Risco de accidentes

Imaxe cedida por Xosé Santos

A defensa do medio ambiente é compatible co desenvolvemento socioeconómico.

Os poderes públicos e os cidadáns temos que conseguir o equilibrio entre poboación e territorio.

O desenvolvemento sustentable é imprescindible.

Imaxe cedida por Xosé Santos



ban imaxes impactantes, tomadas polo poñente, que reflicten a realidade de moitas xestións controvertidas dos recursos naturais da provincia e da comunidade autónoma.

Xosé Santos animounos a participar de xeito activo no coidado do medio, e convidou ó alumnado a saír ó monte e descubrir a diversidade dos nosos recursos naturais.



Agardamos poder tomarlle a palabra en pouco tempo. Deste xeito tentaremos darlle continuidade a esta charla, organizada polo Seminario de Ciencias Experimentais do centro, cunha saída á contorna na que poidamos seguir aproveitando a sabeduría deste valorado divulgador e defensor da natureza.





De onde sae un medicamento?

A xornada ConCiencia do 7 de febreiro de 2019 tivo como protagonista a D. Luis M. Botana, Profesor da Facultade de Veterinaria da USC no Campus de Lugo. Na súa charla, cun relato ameno e pragado de interesantes anécdotas, achegounos ás orixes dos medicamentos ó longo da historia, cun meticuloso seguemento das aportacións científicas e da evolución dos mesmos, ligada á cultura e ó avance do coñecemento e da tecnoloxía.

O poñente captou a atención do alumnado de Cultura Científica destacando temas como a extinción de especies na procura de substancias que a ciencia ten demostrado que carecen de propiedades curativas; a elaboración da Tríaca durante case dous mil anos; a importancia estratéxica dalgúns enclaves durante a guerra, pola súa importancia para garantir a provisión de determinadas medicinas; medicamentos obtidos a partir de velenos extraídos de plantas ou animais; os alcaloides da faba





de Calabar e o "xuízo de Deus" en Nixeria; a relación necesaria entre a industria moderna da cor e a obtención de medicamentos...

O docente non quiso rematar a súa exposición sen facer referencia á situación actual dos medicamentos, en particular o que fai referencia ós antibióticos.

Os responsables do Seminario de Ciencias Experimentais do centro queremos agradecer ó Profesor D. Luis M. Botana a súa participación nas xornadas ConCiencia en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela grazas ó Programa "A Ponte entre o Ensino Medio e a USC".






O xoves 7 de marzo de 2019 o Doutor en Enxeñaría de Montes **Manuel Souto Herrero**, membro do Grupo de Investigación Biodiversidade e Botánica Aplicada (BIOAPLIC), do Departamento de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela, visitou o centro para facer unha presentación sobre a *Dendrocronoloxía* e amosar parte do seu traballo ó alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato.

O deseño da actividade, en coordinación cos docentes de Cultura Científica, contemplou a separación dos contidos en dous momentos e dous espazos ben definidos; para comezar, o poñente levou a cabo unha presentación dunha hora na Aula Magna do centro, na que fixo unha aproximación a esta disciplina, descoñecida para a maior parte do alumnado.

Na mesma, falou ó alumnado de **Andrew Ellicott Douglas** (o pai da *Dendrocronoloxía* moderna), da





información que gardan os aneis das árbores, da toma de mostras (mediante rodas ou con “cores”, testemuñas obtidas co barreno de **Pressler**), como e que se pode medir nos aneis, como se elaboran cronoloxías, cal é a frecuencia das pragas, a recurrencia dos lumes forestais, información sobre as podas...

Dendro-climatoloxía, Dendro-arqueoloxía (con exemplos de tarefas de investigación levadas a cabo en Novo México, Colorado, Lisboa, Lugo...), tamén subacuática (datación de pecios) e de obras de arte e instrumentos musicais; incluso *Dendrocronoloxía* aplicada a peixes e moluscos.



Arredor das 13:40 deixamos a Aula Magna para trasladarnos a Aula Innova do centro, onde o alumnado tivo a oportunidade de manipular distintos obxectos relacionados co traballo do poñente, desde un barreno de **Pressler** ata distintos “cores” e seccións dun bo número de especies vexetais diferentes... Así como escoitar a **Manuel Souto** comentando curiosidades e detalles das súas tarefas de investigación.



Os responsables do Seminario de Ciencias Experimentais do centro queremos aproveitar a ocasión para agradecer o bo facer e a sempre boa disposición de compañeiros como **José Rodríguez Calviño** (o señor **Pepe**, que hai pouco deixou de traballar para o centro ó chegar á merecida idade de xubilación) ou **Juan Cao**, que tanto teñen colaborado dándolle forma a moitas ideas que van xurdindo... nesta ocasión, con moitas das seccións vexetais amosadas nesta entrada que, ben seguro, despertaron a curiosidade no alumnado.







Cambio Climático



A tarde do luns 8 de abril de 2019 o alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de presenciar, na Aula Magna do centro, a charla de **Susana Bayo Besteiro**, Licenciada en Física (especialidade en Atmósfera e Medio Ambiente) e investigadora do EPhysLab (Environmental Physics Laboratory) no Programa Campus da Agua, da Uvigo.

Nesta ocasión (tratábase da quinta visita da poñente ó noso centro, dentro das actividades formativas do proxecto, e foi o colofón ás Xornadas Conciencia deste curso) a charla sobre Cambio Climático centrouse na cuestión ¿Realmente nos lo creemos?

Coa súa oratoria e cunha gran capacidade para centrar a atención do alumnado, repasou conceptos básicos sobre a realidade do Cambio Climático e presentou unha mancha de datos rigurosos e de rabiosa actualidade.





Os furacáns son fenómenos climáticos extremos de zonas lonxanas, e non poden chegar a Galicia, a que non?

Non sei, non sei... igual é tempo de replantexarnos algunhas “certezas”.

O furacán Ophelia foi unha tormenta moi forte que impactou en Irlanda e Gran Bretaña como ciclón extratropical, a tormenta máis dura en tocar terra en Irlanda e o peor ciclón extratropical que impactou en Irlanda e no Reino Unido en termos de danos desde a gran tormenta de 1987. Ophelia tiña a súa orixe non tropical, e se desenvolveu a partir dunha fronte fría en decadencia que se estancara sobre o Atlántico Norte. Chegou ás illas fronte á costa de Noruega con ventos de ata 45 kilómetros por hora.

Pois en Galicia foi o responsable da virulencia da vaga de lumes de outubro de 2017, algo nunca visto !!!

É precisa unha reflexión seria e un troco de actitude, porque non temos un “planeta B”.

En moitos lugares do mundo xa están a dar pasos neste sentido e a poñente convidounos a participar de xeito activo, colaborando en The Climate Reality Project, e tamén no día a día, con pequenos xestos que mitiguen esta realidade en crecemento.

Para rematar, **Susana Bayo** fíxonos partícipes dun audiovisual que chama a atención da cidadanía ante este problema. Podedes velo no seguinte enlace:


<https://youtu.be/l6XUNzmSs9k>



Con esta interesantísima ponencia rematamos a oferta formativa para o alumnado “Xornadas Conciencia” deste curso 2018-2019, con poñentes de primeiro nivel, investigadores e profesionais destacados nos seus campos, sempre dispostos a colaborar de xeito altruista e desinteresado co proxecto Voz Natura do noso centro.



¿Amas el mundo y quieres ayudar a conservarlo? Hazte Climate Fellow y podrás colaborar con la organización mundial de referencia en soluciones al cambio climático. Escríbenos a contacto@climaterality.es






Automóviles eléctricos actualmente en producción
Imagen de presentación de Susana Bayo Balleiro

Tesla	Audi	Nissan	Fiat	Aixam
Toyota	CODA	Honda	Mitsubishi	Chery
Mercedes-Benz	ChangAn	JAC	Volkswagen	Citroën
BYD	Geely	Renault	Kandi	Citydom GmbH
Tata	Mullen	BAIC	\$mart	Kantanka
Qiantu	Mahindra	Kia	Bolloré	Buddy Electric
Venturi	Hyundai	BMW	Trumpchi	Kyburz
Goupil	Aston Martin	Chevy	Peugeot	Rayttle
GM	Exagon	Ford	Daimler	NIO
	Opel	Fisker	Subaru	Zotye



3.3. Difusión e comunicación

Taboleiro de novas no patio



12/09/2018



31/10/2018



03/12/2018



21/12/2018



30/01/2019



15/02/2019




14/03/2019



04/04/2019



03/04/2019




03/052019




Blog

<http://blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanourense98/>

Periurbano 6º EI • 10/2018



Macizo Central 4º ESO • 13/11/2018





Plantas Invasoras • 29/11/2018

blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanooourense/

Antes de rematar a actividade, o profesor universitario atendeu a todas as cuestións que lle quixeron facer os estudantes.



Queremos agradecer a colaboración do Departamento de Bioloxía Vexetal da Universidade de Vigo, e en particular ó Dr. Luis González Rodríguez, a súa colaboración co noso proxecto desde o ano 2013. Agradamos poder seguir contando co seu bo facer.

Entradas recentes

- I Xornada ConCiencia
- Visita á exposición "O Jurisco sempre", de laCena, no Jardín do Paño.
- Reseña didáctica ambiental polo Macro Centro de proximidade de Gurem, con visita a varias árbores senllenas.
- Encontro infantil polo Periurbano.
- Estamos de volta!!!

Comentarios recentes

- Jacobs Escobedo Bouleas en Encontro Didáctico Ambiental polo Parque Natural O Suroesteiro en (foto mundial)

Archivos

- novembro 2018
- outubro 2018
- maio 2018
- abril 2018
- marzo 2018
- febrero 2018

blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanooourense/

II Xornada ConCiencia

Escrito por saibourense18

22 de novembro de 2018 a las 21:10h

xornada ConCiencia

AS PLANTAS EXÓTICAS INVASORAS: UN PROBLEMA SEN CONTROL

Dr. Luis González Rodríguez, profesor de Botánica Vexetal da Universidade de Vigo

29 de novembro, 12:30 h Aula Magna

Queremos agradecer a colaboración do Departamento de Bioloxía Vexetal da Universidade de Vigo, e en particular ó Dr. Luis González Rodríguez, a súa colaboración co noso proxecto desde o ano 2013. Agradamos poder seguir contando co seu bo facer.

blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanooourense/

III Xornada ConCiencia

Escrito por saibourense18

24 de marzo de 2019 a las 19:55h

xornada ConCiencia

LUMES FORESTAIS

Xosé Santos Otero, Acente Forestal, Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia.

24 de xaneiro, 12:30 h Aula Magna

Feliz ano 2019 e todos e a todas!!! A primeira entrada deste novo ano recolle o fantástico charla de Xosé Santos Otero. Quarta parte dunha hora e media, o alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de participar de saber e de facer deste Anexo Forestal de Conservación de Medio Rural de Norte de Galicia. Como moi ben di o propio Xosé Santos "mello de familia de botánicos, o que non quere dicir que vinde do campo".

Lumes Forestais • 24/01/2019

blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanooourense/

Antes de rematar a actividade, o profesor universitario atendeu a todas as cuestións que lle quixeron facer os estudantes.



Queremos agradecer a colaboración do Departamento de Bioloxía Vexetal da Universidade de Vigo, e en particular ó Dr. Luis González Rodríguez, a súa colaboración co noso proxecto desde o ano 2013. Agradamos poder seguir contando co seu bo facer.

Entradas recentes

- II Xornada ConCiencia
- Actividades de árbores autóctonas.
- I Xornada ConCiencia
- Visita á exposición "O Jurisco sempre", de laCena, no Jardín do Paño.
- Reseña didáctica ambiental polo Macro Centro de proximidade de Gurem, con visita a varias árbores senllenas.

Comentarios recentes

- Jacobs Escobedo Bouleas en Encontro Didáctico Ambiental polo Parque Natural O Suroesteiro
- saibourense18 en (foto mundial)

Archivos

- marzo 2019
- decembro 2018
- novembro 2018
- outubro 2018
- maio 2018
- abril 2018
- marzo 2018
- febrero 2018
- decembro 2017
- setembro 2017
- xullo 2017
- maio 2017
- abril 2017
- marzo 2017

blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanooourense/

III Xornada ConCiencia

Escrito por saibourense18

24 de marzo de 2019 a las 19:55h

xornada ConCiencia

LUMES FORESTAIS

Xosé Santos Otero, Acente Forestal, Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia.

24 de xaneiro, 12:30 h Aula Magna

Feliz ano 2019 e todos e a todas!!! A primeira entrada deste novo ano recolle o fantástico charla de Xosé Santos Otero. Quarta parte dunha hora e media, o alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de participar de saber e de facer deste Anexo Forestal de Conservación de Medio Rural de Norte de Galicia. Como moi ben di o propio Xosé Santos "mello de familia de botánicos, o que non quere dicir que vinde do campo".

blogs.voznatura.es/sendeioperiurbanooourense/

III Xornada ConCiencia

Escrito por saibourense18

24 de marzo de 2019 a las 19:55h

xornada ConCiencia

LUMES FORESTAIS

Xosé Santos Otero, Acente Forestal, Consellería de Medio Rural, Xunta de Galicia.

24 de xaneiro, 12:30 h Aula Magna

Feliz ano 2019 e todos e a todas!!! A primeira entrada deste novo ano recolle o fantástico charla de Xosé Santos Otero. Quarta parte dunha hora e media, o alumnado de Cultura Científica de 1º de Bacharelato tivo a oportunidade de participar de saber e de facer deste Anexo Forestal de Conservación de Medio Rural de Norte de Galicia. Como moi ben di o propio Xosé Santos "mello de familia de botánicos, o que non quere dicir que vinde do campo".



De onde sae un medicamento? • 07/02/2019

III Xornada ConCiencia
Escrito por salourens@98
7 de febreiro de 2019 a las 19:53h

xornada ConCiencia
DE ONDE SAE UN MEDICAMENTO?
Profesor Luli M. Botana. Departamento de Farmacología. Facultade de Veterinaria. Lugo.
07 de febreiro, 12:30 h Aula Magna

Archivos:
 • febreiro 2019
 • enero 2019
 • decembro 2018
 • novembro 2018
 • outubro 2018
 • maio 2018
 • abril 2018
 • marzo 2018
 • febreiro 2018
 • decembro 2017
 • novembro 2017
 • outubro 2017
 • xullo 2017
 • maio 2017
 • abril 2017
 • marzo 2017

Entradas recentes:
 • III Xornada ConCiencia
 • Láminas de papel vegetal.
 • II Xornada ConCiencia
 • Ministerio de Arbores autóctonas.
 • I Xornada ConCiencia

Comentarios recientes:
 • Jacobo Roselló Bouloira en Rotunro Diáctico Ambiental polo Parque Natural O Invernadero
 • salourens@98 en ¡Hola mundo!

Google Maps 1º ESO • 02/2019

1º de ESO trabaja con Google Maps.
Escrito por salourens@98
12 de febreiro de 2019 a las 19:41h

During two sessions, students in the first year of ESO worked searching for information on the main stops of the Ourense periurban path. Then they created an interactive map designed by Alberto Ojalvo (student in 1º E) in which all were turning both the location and the information in English on each of the detailed stops in the route.

Entradas recientes:
 • 1º de ESO trabaja con Google Maps.
 • Actividades na festa escolar.
 • II Xornada ConCiencia
 • Láminas de papel vegetal.
 • II Xornada ConCiencia

Comentarios recientes:
 • Jacobo Roselló Bouloira en Rotunro Diáctico Ambiental polo Parque Natural O Invernadero
 • salourens@98 en ¡Hola mundo!

Archivos:
 • febreiro 2019
 • enero 2019
 • decembro 2018
 • novembro 2018
 • outubro 2018
 • maio 2018
 • abril 2018
 • marzo 2018
 • febreiro 2018
 • decembro 2017
 • novembro 2017
 • outubro 2017
 • xullo 2017
 • maio 2017
 • abril 2017
 • marzo 2017
 • febreiro 2017
 • enero 2017
 • decembro 2016
 • novembro 2016
 • outubro 2016
 • maio 2016

Durante dúas sesións de traballo, o alumnado de primeiro de ESO levou a cabo unha procura de información en inglés das principais paradas do sendeiro periurbano de Ourense. Logo crearon un mapa interactivo deseñado por Alberto Ojalvo (alumno de 1º E) no que todos foron volcando tanto a localización como a información en inglés sobre cada unha das paradas detalladas no percorrido.

Durante dos sesións de traballo, o alumnado de primeiro de ESO realizou unha búsqueda de información en inglés de las principales paradas del sendero periurbano de Ourense. Después crearon un mapa interactivo diseñado por Alberto Ojalvo (alumno de 1º E) en el que todos fueron volcando tanto la localización como la información en inglés sobre cada una de las paradas detalladas en el recorrido.

Podesen acceder ás mapas elaborados polas tres aulas nas seguintes ligazóns web:

1º A: <https://www.google.com/maps/@42.3173612,7.8588145,15z>
 1º B: <https://www.google.com/maps/@42.3267353,7.8473017,15z>
 1º C: <https://www.google.com/maps/@42.3267353,7.8473017,15z>



Periurbano 2º EP • 04/2019

blogs.voznatura.es/sendeiroperiurbanoourense/

sendeiroperiurbanoourense **VOZ NATURA** blogs.voznatura.es

Roteiro Didáctico Ambiental de 2º EP polo Sendeiro Periurbano de Ourense.

Escrito por saluarene94
8 de abril de 2019 a las 19:23h

A semana pasada o alumnado de 2º EP, acompañado polos titoras e varios/as educadoras/as, percorreu o sendeiro periurbano en sentido antihorario, salindo do colexio e rematando o curso do río Barbaña ata a Plaza de Jaimes.



Entradas recentes

- Roteiro Didáctico Ambiental de 2º EP polo Sendeiro Periurbano de Ourense.
- Roteiro Didáctico polo Museo de Historia Natural e Biodiversidade do alumnado de Cultura Científica de 1º Bac.
- Exposición en préstamo do CEIDA: Rede Natura 2000 en Galicia.
- Roteiro Didáctico Ambiental de 1º ESO polo Sendeiro Periurbano de Ourense.
- Charla didáctica do SEPROM e traballos na horta escolar.

Comentarios recentes

- Jacobo Roselló Boullón en Roteiro Didáctico Ambiental polo Parque Natural O Invernadero
- saluarene94 en (Pista mundial)

Archivos

- abril 2019
- marzo 2019
- febrero 2019
- enero 2019
- diciembre 2018
- novembre 2018
- octubre 2018



Exposición CEIDA • 04/2019

blogs.voznatura.es/sendeiroperiurbanoourense/

sendeiroperiurbanoourense **VOZ NATURA** blogs.voznatura.es

Exposición en préstamo do CEIDA: Rede Natura 2000 en Galicia.

Escrito por saluarene94
31 de marzo de 2019 a las 17:52h

Entre os días 25 de marzo e 11 de abril poderíase visitar esta exposición no laboratorio de Física, no segundo andar do edificio de D. ESO e Bac. Parte do alumnado de 4ºa foi o encargado de montar a exposición.



Entradas recentes


- Exposición en préstamo do CEIDA: Rede Natura 2000 en Galicia.
- Roteiro Didáctico Ambiental de 1º ESO polo Sendeiro Periurbano de Ourense.
- Charla didáctica do SEPROM e traballos na horta escolar.
- Sendeiro Periurbano con 1º de EP.
- IV Jornada Conciencia

Comentarios recentes

- Jacobo Roselló Boullón en Roteiro Didáctico Ambiental polo Parque Natural O Invernadero
- saluarene94 en (Pista mundial)

Archivos

- marzo 2019
- febrero 2019
- enero 2019
- diciembre 2018
- novembre 2018
- octubre 2018
- maio 2018
- abril 2018
- marzo 2018
- febraro 2018







Exposición O Ártico rompe • 04/2019



Horta escolar • 24/10/2018



Horta escolar • 10/02/2019





Horta escolar • 29/03/2019

blogs.voznatura.es/sendeiroperiurbanourensese/

sendeiroperiurbanourensese
El blog de voz natura del colegio María Auxiliadora

Charla didáctica do SEPRONA e traballos na horta escolar.

Escrito por salourensese
29 de marzo de 2019 a las 18:12h

Esta semana Arturo Martín, axente da Garda Civil, visitou a aula para falarlle a alumnado dos primeiros cursos de Ensino Primario do labor que levan a cabo no Servizo de Protección da Natureza (SEPRONA).



Comentarios recientes

- Jacobo Roselló Boullas en Rotundo Districto Ambiental polo Parque Natural O Leizoradeno
- salourensese en ¡Hata mundial!

Archivos

- marzo 2019
- febreiro 2019
- enero 2019
- decembro 2018
- novembro 2018
- octubre 2018
- maio 2018
- abril 2018
- marzo 2018
- febreiro 2018
- decembro 2017
- novembro 2017
- octubre 2017
- setembro 2017
- agosto 2017
- julio 2017
- junio 2017
- maio 2017
- abril 2017
- marzo 2017
- febreiro 2017
- enero 2017
- decembro 2016
- novembro 2016
- octubre 2016
- setembro 2016
- agosto 2016
- julio 2016
- junio 2016
- maio 2016
- abril 2016
- marzo 2016
- febreiro 2016
- enero 2016
- decembro 2015
- novembro 2015
- octubre 2015
- setembro 2015
- agosto 2015
- julio 2015
- junio 2015
- maio 2015
- abril 2015
- marzo 2015
- febreiro 2015
- enero 2015
- decembro 2014
- novembro 2014
- octubre 2014
- setembro 2014
- agosto 2014
- julio 2014
- junio 2014
- maio 2014
- abril 2014
- marzo 2014
- febreiro 2014
- enero 2014
- decembro 2013
- novembro 2013
- octubre 2013
- setembro 2013
- agosto 2013
- julio 2013
- junio 2013
- maio 2013
- abril 2013
- marzo 2013
- febreiro 2013
- enero 2013
- decembro 2012
- novembro 2012
- octubre 2012
- setembro 2012
- agosto 2012
- julio 2012
- junio 2012
- maio 2012
- abril 2012
- marzo 2012
- febreiro 2012
- enero 2012
- decembro 2011
- novembro 2011
- octubre 2011
- setembro 2011
- agosto 2011
- julio 2011
- junio 2011
- maio 2011
- abril 2011
- marzo 2011
- febreiro 2011
- enero 2011
- decembro 2010
- novembro 2010
- octubre 2010
- setembro 2010
- agosto 2010
- julio 2010
- junio 2010
- maio 2010
- abril 2010
- marzo 2010
- febreiro 2010
- enero 2010
- decembro 2009
- novembro 2009
- octubre 2009
- setembro 2009
- agosto 2009
- julio 2009
- junio 2009
- maio 2009
- abril 2009
- marzo 2009
- febreiro 2009
- enero 2009
- decembro 2008
- novembro 2008
- octubre 2008
- setembro 2008
- agosto 2008
- julio 2008
- junio 2008
- maio 2008
- abril 2008
- marzo 2008
- febreiro 2008
- enero 2008
- decembro 2007
- novembro 2007
- octubre 2007
- setembro 2007
- agosto 2007
- julio 2007
- junio 2007
- maio 2007
- abril 2007
- marzo 2007
- febreiro 2007
- enero 2007
- decembro 2006
- novembro 2006
- octubre 2006
- setembro 2006
- agosto 2006
- julio 2006
- junio 2006
- maio 2006
- abril 2006
- marzo 2006
- febreiro 2006
- enero 2006
- decembro 2005
- novembro 2005
- octubre 2005
- setembro 2005
- agosto 2005
- julio 2005
- junio 2005
- maio 2005
- abril 2005
- marzo 2005
- febreiro 2005
- enero 2005
- decembro 2004
- novembro 2004
- octubre 2004
- setembro 2004
- agosto 2004
- julio 2004
- junio 2004
- maio 2004
- abril 2004
- marzo 2004
- febreiro 2004
- enero 2004
- decembro 2003
- novembro 2003
- octubre 2003
- setembro 2003
- agosto 2003
- julio 2003
- junio 2003
- maio 2003
- abril 2003
- marzo 2003
- febreiro 2003
- enero 2003
- decembro 2002
- novembro 2002
- octubre 2002
- setembro 2002
- agosto 2002
- julio 2002
- junio 2002
- maio 2002
- abril 2002
- marzo 2002
- febreiro 2002
- enero 2002
- decembro 2001
- novembro 2001
- octubre 2001
- setembro 2001
- agosto 2001
- julio 2001
- junio 2001
- maio 2001
- abril 2001
- marzo 2001
- febreiro 2001
- enero 2001
- decembro 2000
- novembro 2000
- octubre 2000
- setembro 2000
- agosto 2000
- julio 2000
- junio 2000
- maio 2000
- abril 2000
- marzo 2000
- febreiro 2000
- enero 2000
- decembro 1999
- novembro 1999
- octubre 1999
- setembro 1999
- agosto 1999
- julio 1999
